

Bloque

Moaña

Número 6. Epoca 1ª / Marzo 2011

“ Unha candidatura que transmite confianza, esforzo colectivo, mocidade, comprometida nas conquistas sociais, o benestar e o emprego ”

Impreso postal sen enderezo

Compromiso con Moaña, compromiso con Galiza

O proxecto de transformación de Moaña liderado polo BNG desde o ano 2003 terá continuidade na candidatura para as próximas eleccións municipais do 22 de maio.

A asemblea local do Bloque Nacionalista Galego aprobou o 17 de decembro unha candidatura formada por 21 persoas, homes e mulleres, mozos e mozas, representativos da sociedade moañesa. A lista, totalmente paritaria, recolle a responsábeis do traballo realizado nos últimos oito anos e incorpora persoas novas para avanzar un paso máis e converter Moaña nun concello de referencia na comarca e en toda Galiza.

Representativa de todas as parroquias que compoñen o noso concello, reflicte tamén os distintos sectores sociais con especial atención á



mocidade capacitada e emprendedora, dinámica no mundo laboral e asociativo, a quen o Bloque Nacionalista Galego dirixiu a maior parte da súa acción municipal nos últimos anos.

Nun momento en que a crise económica, o desemprego e os recortes sociais cegan as expectativas as persoas menos favorecidas, e en especial a unha mocidade que en máis do 40% parece condenada ao paro ou á emigración, a candidatura e o programa do Bloque Nacionalista Galego queren ser un golpe de con-

fianza nas nosas xentes, no esforzo colectivo para manter as conquistas sociais tan duramente alcanzadas nas últimas décadas e un compromiso por unha Moaña mellor, con maior calidade de vida, con máis benestar e oportunidades; en definitiva, con futuro para todas e todos.

O próximo 2 de abril, no pavillón polideportivo de Reibón e coa presenza do noso portavoz nacional, Guillermo Vázquez, terá lugar a presentación da totalidade da candidatura do Bloque Nacionalista Galego.

Un equipo para gobernar Moaña

- 1.- Xosé Manuel Millán Otero, licenciado en Filoloxía Galega, profesor do I.E.S. As Barxas. Berducedo-Moaña.
- 2.- María Martínez Nogueira, licenciada en Bioloxía, profesora de de Ensino Secundario. O Caeiro-O Rosal.
- 3.- Diego Manuel Riobó Martínez, licenciado en Pedagogía, orientador laboral. Domaio.
- 4.- María Beatriz Riobó Rouco, administrativa. Reibón-Meira.
- 5.- Valentín Piñeiro González, traballador municipal. Reibón-Meira.
- 6.- M^a Libertad Cruz Couso, auxiliar de clínica. O Redondo-Moaña.
- 7.- Daniel Rodas Chapela, funcionario. Vilela-Tirán.
- 8.- Coral Ríos Santomé, directora comercial. As Barxas-Moaña.
- 9.- Odilo Barreiro Martínez, mestre. Abelendo.
- 10.- Araceli Gestido Rodríguez, licenciada en Ciencias Políticas. A Ameixoadá.

Edita: BNG Moaña



www.bng-galiza.org
morrazo@bng-galiza.org

Máis realidades, máis futuro

Nos últimos meses deuse remate a importantes obras que supuxeron un avance no cumprimento dos compromisos adquiridos con veciños e veciñas de Moaña nas pasadas eleccións de 2007. O BNG cumpre.

En outubro inauguráronse as pistas de atletismo da Xunqueira, coas que se poñía o ramo ao proxecto de recuperación do areal e zona verde iniciado en 2007. Representaron un investimento de máis de 500.000 euros destinados a facilitar a práctica do atletismo a toda a nosa mocidade.



Está tamén para rematar e inaugurarse a reforma do campo de fútbol da Granxa, en Domaio, ao que o Concello de Moaña destinou a cantidade de 600.000 euros para dotalo de novos vestiarios, reformar a grada e instalar a superficie de herba artificial tan demandada polos deportistas e o clube. Con estas dúas obras, Moaña pasa a ter a oferta de instalacións deportivas máis ampla de toda a comarca; con todo, sabemos que os deportistas moañeses e moañesas necesitan máis, e o goberno municipal e o BNG está comprometido no traballo de darlo.

No pasado mes de novembro púxose en marcha a nova sede da Escola Municipal de Música na rehabilitada casa-rectoral de San Martiño. A restauración da rectoral, executada en 2008, requeriu un investimento municipal de aproximadamente 350.000 euros, aos que se sumaron en 2010 outros



170.000 euros para a adecuación das instalacións ao seu novo uso e 56.000 euros máis para o equipamento. O resultado final fai que nos sintamos orgullosos do traballo realizado, tanto pola calidade da obra como por entregar aos alumnos e alumnas unha Casa da Música digna do seu sacrificio e dos seus esforzos.

Están tamén nunha fase avanzada as obras de rehabilitación do Centro Cultural Rosalía de Castro de Domaio, adxudicadas en 430.000 euros e que contan cunha axuda de 137.000 euros do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo. As obras, que se prevé estean rematadas antes do verán, dotarán a Domaio dunhas instalacións culturais renovadas, con auditorio, biblioteca e salas de reunións e ensaio.



Executáronse tamén nestes meses as obras de pavimentación do camiño do Cunchal (O Piñeiro), do camiño do Peixeiro (A Isamil) e do camiño de Veigadarca. Acomeuse tamén o acondicionamento do lavadeiro da Martinga e do parque infantil da Guía, no que en breve se instalarán os elementos de xogo. Está tamén en execución o plan de pavimentación de viais, retrasado de forma inexplicable pola Deputación Provincial durante máis de doce meses, cun investimento de preto de 1 millón de euros e que afectará a 30 camiños públicos.

Están tamén a punto de concluír as obras de rehabilitación da Casa Pazó que albergará a gardería municipal de Moaña. Unha vez rematadas as obras significarán un investimento de, aproximadamente, 800.000 euros. A actitude obstrucionista da actual Consellaría de Traballo e Benestar con Moaña e o abandono de proxectos sociais promovido polo PP dende a súa chegada á Xunta obrigará ao noso Concello a unha aportación superior aos 400.000 euros, mais do 50% do gasto total, cando no resto dos concellos a aportación municipal foi so do 20%. Pero, a pesares do Partido Popular, a gardería municipal de Moaña será axiña unha realidade.



Por último, en decembro recibíronse as instalacións do futuro Centro de Fisioterapia e Odontoloxía, situado no Rosal, que foron postas xa a disposición do SERGAS para o seu equipamento, dotación de persoal e apertura.

A presión social contra a Lei de Augas dá os seus froitos

O BNG rexistra no Parlamento 14.000 sinaturas para que o Goberno galego derroque o canon que grava o consumo da auga

O clamor social contra a Lei de Augas deu os seus primeiros froitos e o Goberno galego comeza a recuar. O Bloque Nacionalista Galego, en sintonía coa inmensa maioría da sociedade, desenvolveu unha intensa campaña contra a Lei e recolleu preto de 14.000 sinaturas en demanda da derogación do canon que grava o consumo da auga. As sinaturas entregounas unha delegación do BNG encabezada polo seu portavoz nacional, Guillermo Vázquez, no Parlamento Galego. A formación nacionalista continuará a súa campaña até a definitiva derogación da lei.

A batalla contra esta lei xa comezou a dar os seus primeiros froitos, de tal xeito que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, dixo no Parlamento que mentres el estea no cargo ninguén terá que pagar o canon. É evidente que o Goberno do PP acusa a presión política do BNG e do movemento social contra a Lei de Augas. Pero non chega con este anuncio-trampa, feito ademais en vésperas eleitorais. O canon ten que ser retirado. A Xunta ten que escoitar a xente.

O Bloque Nacionalista Galego desenvolveu unha intensa campaña social de oposición ao canon que grava o consumo da auga que consistiu en múltiples



Momento en que a delegación do BNG entregou no Parlamento de Galiza as sinaturas contra a Lei de Augas

encontros con veciños e veciñas para dar a coñecer os trazos básicos da lei. Fixéronse ao longo e ancho de Galiza arredor de 200 encontros informativos nos que tomaron parte unhas 8.000 persoas. A altísima participación nestes actos pon de manifesto a enorme sensibilidade social ante unha lei que é percibida como arbitraria e inxusta.

A recollida de sinaturas continúa

O BNG vai continuar a traballar até que a lei sexa derogada e vaino facer, coma sempre, na rúa, e nas institucións, continuando coa súa campaña de charlas e recollida de sinaturas e propondo a derogación da lei no Parlamento. Unha delegación nacionalista, composta por candidatos e candidatas, concelleiros, concelleiras, membros da Executiva, a deputada Isabel Sánchez e encabezada

polo portavoz nacional, Guillermo Vázquez, acudiu en datas pasadas ao Parlamento de Galiza para rexistrar as preto de 14.000 sinaturas que o BNG levaba recollidas até ese momento en demanda da derogación da Lei de Augas. Trátase da primeira das batallas dunha loita que vai prolongarse até que se consiga o obxectivo de acabar cunha norma que pretende cobrar aos usuarios pola auga dos seus pozos ou

traídas veciñas en lugares en que non existe subministro público.

A existencia en Moaña da traída municipal, de traídas Comunitarias e de pozos particulares, implica que a maioría das persoas estaremos afectados por este novo imposto. Estamos a falar dun custo medio mensual de 1,50 euros fixos mais 0,36 euros por cada m³. consumido, (sexa cal sexa a orixe da auga) e que haberá que sumar ao recibo do abastecemento e saneamento público.

De momento en Moaña, ao ter dunha depuradora xestionada polo Concello, non habería que pagar o novo coeficiente de vertedura pero os novos consumos controlados estarían suxeitos ao actual canon de depuración. Grazas a unha emenda do BNG, estas tarifas terán unha redución do 90% nos casos das traídas legalmente constituídas e dos pozos para uso doméstico, pero isto é transitorio xa que a Xunta resérvese a capacidade de modificar os parámetros utilizábeis para o cálculo da cota do canon ou calquera outra regulación tributaria.

“A batalla continuará até conseguir a derogación do canon da auga por ser un imposto irracional e inxusto”

Como contactar co BNG do Morrazo:

Avda. de Bueu, 15-entresollado F
36940 Cangas
morrazo@bng-galiza.org
Telf. 986 302 655
Fax: 986 302 655

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

